

Xestionado por [Vieiros](#)

DÍA DA FAMILIA

Literatura solidaria: Milú, un libro para nenos de Manuel Rivas

A Fundación Meniños e a Editorial Kalandraka colaboran na edición deste conto que reflicte a situación dos nenos en situación de desvantaxe social.

Redacción - 10:30 15/05/2010

*“...A Milu pareceulle que algo malo rodeaba
a súa casa. Era moi raro perder as cancións
e perder o bolso e perder o pan.
E mesmo os pais, ás veces perdíanse e non volvían á casa.
Pero ela tiña a Nana. Estaba todo o tempo soa con ela e non a perdería”*

Así comeza *Milu*, a última incursión na literatura infantil da [Editorial Kalandra](#), que colabora coa [Fundación Meniños](#) para editar un libro solidario, precisamente cando se celebra, este sábado, o Día da Familia. Trátase dun álbum infantil e solidario escrito por Manuel Rivas, con ilustracións de Aitana Carrasco, un relato tenro e sensíbel que reflicte a indefensión de Milú ante os problemas dos seus pais.

Milú é a voz de moitos nenos e nenas que padecen situacións de desvantaxe social e non poden gozar do seu dereito a vivir en familia. A súa historia lémbra-nos, tamén, que hai un lugar para a esperanza. Este ‘libro solidario’ doa o 10% das súas vendas á Fundación Meniños, promotora desta edición, para que os nenos e nenas que o precisen poidan ter un futuro mellor.

Novas relacionadas

- [Pegada galega na cita internacional co mellor do libro infantil](#)
- [Kalandraka desembarca cun monllo de soños en Brasil](#)